


CONGRESO

Galicia-Bretaña: un enfoque comparado de dous finisterrae europeos

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

30 e 31 de outubro de 2017 Mondoñedo (1 de novembro de 2017)



Os fisterres europeos teñen entre si unha parentela que é algo máis que xeográfica. Acontece con Irlanda ou Escocia, pero tamén con Bretaña. Unha inmigración de orixe bretona instalouse na alta idade media nas rexións setentrionais de Galicia e unha constante relación por mar foi mantida entre os portos galegos e os bretóns. Alén destas relacións, un fondo etnocultural une a estes dous fisterres, desde o celtismo ou a relixiosidade, ata monumentos como as pedras fitas e os cruceiros de pedra ou “calvarios”.

Autores bretóns como Chateaubriand ou E. Renan foron leituras de cabeceira para intelectuais da xeración Nós e a Bretaña viaxaron, física ou literariamente, figuras como Alfonso D. Castelao ou Ramón Otero Pedrayo. A “materia de Bretaña” inspirou a moitos escritores galegos e un narrador e poeta como Álvaro Cunqueiro situou en terras bretonas as andanzas do sochantre de Pontivy, antes de visitar persoalmente os lugares creados no seu maxín literario. Logo da literatura veu a música como correa de transmisión das culturas galega e bretona, con constantes presenza en festivais organizados en ambas terras. Agora chega a hora da reflexión e da investigación.

Sobre este fondo común, e proseguindo iniciativas do Consello da Cultura Galega como os congresos sobre Galicia-Irlanda ou Galicia-Finlandia, este ano organizamos un congreso Galicia-Bretaña, con un enfoque comparado, que aspiramos a que marque unha axenda de colaboracións permanentes. Para este congreso, contamos coa colaboración da Université de Rennes-2 e coa presenza entre nós de distinguidos investigadores de varias universidades bretonas, que se verán acompañados por unha nutrida nómina de expertos galegos procedentes tamén de varias universidades.

[carte postale], Quimper, Finisterre, 1928

Querido Filgueira: Unha aperta dende Bretaña. O Museo de Quimper chámase “Musée departamental breton” “Museo provincial gallego”. Eiqui todo é bretón, todo, todo, todo. E rézase en bretón en saíndo das grandes cidades. Esqueciame decirche que os museos todos de París conservan os fascistelos que tiñan e que apenas se vén grabados con marcos (coido que non vin ningún).

Lembranzas a teus país da miña muller e miña. Teu decote bo amigo.

Castelao

PROGRAMA

LUNS, 30 DE OUTUBRO

9:30 horas

Inauguración

Ramón Villares. Presidente do Consello da Cultura Galega

Román Rodríguez. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Olivier David. President Université Rennes 2

10:00 horas

Bretaña-Galicia, "Estado da cuestión"

Jean Francois Botrel. Université Rennes 2

Ramón Villares. Universidade de Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega

11:00 horas

Pausa

A TRANSICIÓN Á MODERNIDADE

11:15 horas

Dúas sociedades do antigo réxime: comparacións

Pegerto Saavedra. Universidade de Santiago de Compostela

Philippe Jarnoux. Université de Bretagne Occidentale, Brest

12:45 horas

A modernización do século vinte

Lourenzo Fernández Prieto.

Universidade de Santiago de

Compostela e **Edelmiro López**

Iglesias. Universidade de Santiago de Compostela

13:45 horas

Debate

CLIENTELISMO POLÍTICO E MOVEMENTOS REXIONALISTAS

16:30 horas

A política no campesinado do oeste

Miguel Cabo. Universidade de Santiago de Compostela

17:15 horas

Dous movementos rexionalistas

Sebastien Carney. Université de Bretagne Occidentale, Brest

Jesús de Juana. Universidade de Vigo

18:45 horas

Debate

19:30 horas

Visita á cidade de Santiago de Compostela

MARTES, 31 DE OUTUBRO

10:00 horas

A construción das identidades

X.M. Núñez Seixas. Universidade de Santiago de Compostela

Ronan Le Coadic. Université Rennes 2

11:30 horas

Debate

12:00 horas

Pausa

12:15 horas

Galicia-Bretaña hoxe. Enfoque sobre a educación e o turismo

Román Rodríguez. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria da Xunta de Galicia

Olivier David. President Université Rennes 2

Rubén Lois. Universidade de Santiago de Compostela

13:45 horas

Debate

16:30 horas

Cunqueiro en Bretaña, Bretaña en Cunqueiro

Christine Rivalan Guégo. Université
Rennes 2

María Xesús Nogueira. Universidade de
Santiago de Compostela

María Xesús Lama. Universitat de
Barcelona

Armando Requeixo. Centro Ramón
Piñeiro para a Investigación en
Humanidades

18:30 horas

Debate

19:00 horas

Momento literario-musical

Recital poesía de **Claudio Rodríguez Fer**

Concerto SondeNós

MÉRCORES, 1 DE NOVIEMBRE

Visita á cidade de Mondoñedo

9:30 horas

Saída

11:30 horas

Recepción no Concello

12:00-13:30

Visita aos “lugares” de Álvaro Cunqueiro
con Armando Requeixo

16:30 horas

Regreso a Santiago de Compostela

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega
Université Rennes 2

COORDINA

Jean François Botrel
Christine Rivalan Guégo
Ramón Villares

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705, Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

No Congreso haberá un servizo de tradución simultánea

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao congreso.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

VISITA A MONDOÑEDO

Para a visita á cidade de Mondoñedo o 1 de novembro, habilitarase un servizo de transporte gratuíta con saída de Santiago de Compostela pola mañá e regreso pola tarde. Se tes interese e queres recibir máis información, deberás remitirnos un correo a difusion@consellodacultura.gal

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

